



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE MOAÑA PARA A EXECUCIÓN, CONSERVACIÓN, MANTEMENTO DE DISTINTAS INSTALACIÓNS NO PORTO DE MOAÑA.

Santiago de Compostela, a 26 de abril de 2021

Dunha parte, Susana Linguas Gil, presidenta de Portos de Galicia, con domicilio aos efectos deste convenio na Praza de Europa, nº 5A, 6º, Área Central, Polígono de Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), actuando en nome e representación deste en virtude das facultades que a tal efecto lle confiren os artigos 12.3.a) e 12.3.g) da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia.

Doutra parte, Leticia Santos Paz, alcaldesa-presidenta do Concello de Moaña, con domicilio a efectos deste convenio na Casa do Concello, As Barxas nº 2, 36950 Moaña (Pontevedra), facultada para este acto en virtude das competencias que lle recoñece o artigo 21.I.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o 61.1º.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen coa capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para o efecto

EXPOÑEN

O Concello de Moaña está interesado en que se realicen as obras do novo paseo marítimo do porto de Moaña ao amparo do presente convenio segundo o proxecto “Nova Pasarela do porto de Moaña” redactado polos enxeñeiros de camiños canais e portos, D. Jose Antonio González Meijide e D. Arturo Antón Casado, que licitará Portos de Galicia, polo que está disposto a asumir as labores de conservación e mantemento das mesmas.

Segundo se reflicte en plano anexo a este convenio o porto de Moaña dispónse dun vial de interconexión porto- vila, o cal está dotado dun sistema de alumeadado público que consta de a nivel xeral de báculos, luminarias e tendido de liña segundo plano de esquemas unifilares desta instalación eléctrica que se anexa a este convenio, o Concello de Moaña está interesado en colaborar na xestión, conservación e mantemento do alumeadado público da avenida José Costa Alonso.

Portos de Galicia ten como obxectivos básicos a construción, conservación, mellora, ordenación, xestión e explotación das instalacións, servizos e actividades portuarias que ten adscritas. Co este fin, segue os criterios derivados da busca da modernización e mellora permanente das instalacións e servizos portuarios, a integración dos portos no contorno municipal e social, dinamizando a actividade portuaria, a relación co mar e, en xeral, o fomento da actividade económica no eido dos portos en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

Polo que, Portos de Galicia contempla, dentro dos seus obxectivos estratéxicos, favorecer a interrelación porto-cidade mediante acordos de colaboración coas diferentes administracións desenvolvendo a planificación urbanística que permita que os cidadáns vexan aos portos como





entes xeradores de desenvolvemento nun ámbito compatible coa actividade cívica, polo que está así mesmo interesado nesta actuación.

Portos de Galicia en cumprimento do seu obxecto e funcións, está en fase de preparación, licitación e contratación da obra “Nova Pasarela do porto de Moaña” redactado polos enxeñeiros de camiños canais e portos, D. Jose Antonio González Meijide e D. Arturo Antón Casado, e que implica un orzamento de licitación de 526.011,82 euros Iva Incluído.

Por outra parte, os espazos portuarios constitúen unha unidade funcional que desenvolve un proxecto unitario que supón unha zona de interconexión do porto co núcleo de poboación lindante, coa función engadida de servir de solución de continuidade entre a poboación e o porto permitindo tamén o seu uso aberto ao público e ao núcleo urbano, en zonas onde sexa posible, considérase conveniente que se asine un convenio de colaboración entre Portos de Galicia e o Concello de Moaña para a adopción conxuntamente das referidas medidas.

Así mesmo, dada a interacción entre o porto e a vila de Moaña prodúcese unha necesidade de que os colectores de recollida de residuos sólidos urbanos, que se ubiquen na zona do porto obxecto do convenio recollan os residuos provintes zona urbana inmediata ao punto, polo que resulta oportuno manter unha colaboración para que o Concello siga asumindo e xestionando a recollida de residuos sólidos urbanos dos colectores que se reflicten nos planos anexos a este convenio, asumindo así o Concello a posición de xestor destes refugallos, transporte e entrega a planta de tratamento autorizada.

Polas consideracións anteriores, as devanditas actuacións suporán un efecto positivo tanto para o propio porto como para o contorno urbano inmediato ao mesmo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos del Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Xa que logo, ambas as dúas administracións acordan regular as súas relacións no que atinxe á execución, conservación, mantemento das citadas instalacións e formalizan o presente convenio.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

Regular a colaboración entre o Concello de Moaña e Portos de Galicia para establecer as bases de colaboración e abordar as seguintes actuacións:

- [1] Paseo marítimo do porto de Moaña: mantemento e conservación das obras do novo paseo marítimo do porto de Moaña ao amparo do presente convenio incluíndo ademais, as obras do proxecto “Nova Pasarela do porto de Moaña” redactado polos enxeñeiros de camiños canais e portos, D. Jose Antonio González Meijide e D. Arturo Antón Casado, que licitará Portos de Galicia.



- [2] A xestión da instalación do alumado de interacción porto vila na zona urbana da Avda Jose Costa Alonso, Tramo praia de O Con e rampa travesía conexa Bouza: no que a adaptación de liña, conservación, consumo e mantemento das instalacións de alumado da zona, que se identifica en plano de instalación e esquemas unifilares e vinculada ao CUPS de subministro ES0022000008346256VA1P.
- [3] Area de interacción porto – cidade (Zona O Vaticano): conservación e mantemento, adicionalmente a mellora da accesibilidade do paseo marítimo e a recollida de residuos sólidos urbanos.

A delimitación da superficie e das instalacións que quedan afectadas polo presente convenio reflíctense nos planos anexos ao presente convenio.

SEGUNDA. COMPROMISOS DE PORTOS DE GALICIA

A EPE Portos de Galicia asume as seguintes obrigas:

1.-Autorizará a execución das actuacións obxecto deste convenio, podendo supervisar en calquera momento a súa execución, e de detectar desviacións ou deficiencias nestas, requirirá ao Concello para que as corrixa.

2.-Autorizaralle ao Concello para a intervención nos terreos que ocupan as obras para que faga fronte ao cumprimento das obrigas derivadas deste convenio. A devandita intervención do Concello nos terreos de dominio público portuario obxecto deste convenio, non implica a perda das facultades de xestión e explotación vencelladas aos fins de Portos de Galicia, nin supón cambio de titularidade ou cualificación xurídica dos bens obxecto de convenio.

3.- A cesión ao Concello de Moaña da instalación do alumado público de interacción porto vila na zona urbana da Avda. José Costa Alonso, Tramo praia de O Con e rampa travesía conexa Bouza: no que a adaptación de liña, conservación, consumo e mantemento das instalacións de alumado da zona, que se identifica en plano de instalación e esquemas unifilares queda sometidas ás seguintes condicións:

- a) De conformidade co establecido no artigo 96 bis, punto 2, do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o regulamento da Lei 3/1985, a cesión outorgarase polo prazo de catro anos.
- b) O ben cedido, tal como establecen os artigos 82.1 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e artigo 96 bis do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o regulamento da Lei 3/1985, destinaranse a fins de utilidade pública segundo corresponde á súa función.
- c) Se os bens cedidos non se aplicasen aos fins sinalados, se se descoidasen ou utilizasen con grave quebranto ou se incumprisen as condicións do acordo, considerárase resolta a cesión e os bens reverterán á Comunidade Autónoma de Galicia, que terá dereito a percibir, logo da taxación pericial, o valor do detrimento ou deterioracións que experimentasen.



- d) Serán por conta do Concello de Moaña o detrimento ou a deterioración sufridos polo ben cedido, sen que sexan indemnizables os gastos nos que incorra para cumprir as cargas ou condicións impostas.
- e) A utilización dos bens por parte do Concello de Moaña realizarase ao seu total risco e ventura, e será responsable única fronte a terceiros e fonte a Portos de Galicia, dos danos que se causen a bens e persoas polo uso e desfrute das instalacións.
- f) O Concello de Moaña, no prazo máximo dun mes a contar da sinatura deste convenio, realizará un comprobación previa á entrega da instalación para poder recoñecer o estado de uso e operatividade da mesma. O Concello de Moaña será responsable do uso inaxeitado ou indebido que se faga da instalación unha vez recibida.

A entrega das instalacións obxecto deste convenio, agás as obras relativas á mellora de accesibilidade do paseo indicado no punto 4 seguinte, realizarase no prazo máximo de 15 días naturais a partir da realización da comprobación a realizar polo Concello de Moaña conforme ao disposto neste punto.

A cesión formalizarase mediante acta subscrita polo técnico correspondente, e debe constar nela o acordo de cesión e a aceptación do Concello de Moaña, e a declaración deste de que recibe os elementos en axeitadas condicións de estado, conservación e uso.

4.- Mellora da accesibilidade do paseo portuario marítimo o de interconexión porto – vila (Zona O Vaticano)

A estes efectos, o Concello de Moaña citará a Portos de Galicia dentro da comisión de seguimento do día que se estableza coa empresa para a sinatura da acta de recepción das instalacións. Dado que a autorización das obras está vencellada a execución dun concreto proxecto, será necesaria a aprobación de Portos de Galicia de calquera modificación que poida xurdir na execución das obras.

Recibidas as obras coa conformidade indicada neste punto, o Concello deberá cumprir coas obrigas establecidas neste Convenio en relación a ditas obras.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DO CONCELLO DE MOAÑA

Coa sinatura do presente convenio, o Concello obrígase ao seguinte:

- [1] A levar a cabo a conservación e mantemento de todas as instalacións obxecto deste convenio, correndo a súa costa todo o financiamento de todas as actuacións enunciadas.

Estas obrigas respecto das instalacións que se realicen por medio do contrato de obra “Nova pasarela do porto de Moaña” serán asumidas e iniciarse o seu cumprimento polo Concello no intre en que Portos de Galicia realice a recepción das obras, e lle notifique esta recepción ao Concello, previa visita e acta de comprobación por parte



do Concello de Moaña., no propio acto de levantamento da acta de recepción das obras por Portos de Galicia.

Así mesmo, ademais de manter en adecuadas condicións de limpeza e hixiene as instalacións, o Concello deberá asumir as seguintes tarefas, dentro do ámbito de actuación obxecto deste convenio:

- a. Asumir ao seu cargo a conservación, reparación, mantemento e limpeza das devanditas instalacións.
- b. A manter as instalacións nas condicións estéticas da urbanización do porto.
- c. A manter as instalacións en condicións de servizo que garantan a seguridade.
- d. O Concello non poderá condicionar a normal explotación portuaria, polo que se compromete a garantir en todo momento a normal explotación portuaria, no relativo á incidencia no porto.
- e. Garantir a reposición dos servizos afectados sen que se interrompa o servizo subministrado, sempre que sexa posible.
- f. Ao mantemento e reposición dos elementos que se inclúen no convenio tendo en conta a natureza dos terreos da zona de dominio público portuaria, deberanse velar porque os procedementos construtivos de conservación e mantemento sexan axeitados ao aforro enerxético e ás medidas de seguridade co fin de evitar calquera dano ás persoas, edificacións e instalacións existentes.
- g. Ao mantemento e reposición das fontes de luz e sinalización.
- h. Area de interacción porto – cidade (Zona O Vaticano): mantemento, conservación, ademais o Concello no prazo de 14 meses desde a data de sinatura deste convenio realizará pola súa conta a mellora da accesibilidade do paseo marítimo, consistente na regularización do pavimento nas zonas decorativas de adoquíns, que se atopan na zona de paso.
- i. Asumir ao seu cargo o custe do subministro eléctrico da parte conveniada. A tal efecto, o Concello, realizará, no menor prazo posible que non excederá de seis meses, as actuacións precisas para separar o alumeadado público cedido do resto das instalacións que se abastecen a través da mesma liña eléctrica. Estas actuacións realizaranse con intervención dos técnicos de Portos de Galicia e quedarán reflexadas no documento técnico correspondente.



A execución de obras non contempladas no presente convenio, calquera modificación das instalacións e elementos, así como, calquera modificación das actuacións durante a xestión das instalacións requirirá a previa autorización de Portos de Galicia, a través da comisión de seguimento.

As actuacións executas quedarán incorporadas ás instalacións por cesión e executaranse baixo a vixilancia e supervisión de Portos de Galicia por canto ás competencias de Portos de Galicia se refire.

O Concello deberá remitir a Portos de Galicia, planos técnicos coa situación exacta das obras realizadas, indicando as pendentes das mesmas así como as seccións tipo.

En caso de desconformidade de Portos de Galicia coa execución das actuacións, o Concello de Moaña deberá proceder á súa costa ás correccións que lle indique Portos de Galicia.

- [2] Concello de Moaña expedirá sen custo algún para Portos de Galicia, así mesmo, todos os permisos e autorizacións que fosen necesarios para a execución dos traballos co réxime urbanístico e ambiental axeitado. O Concello obrígase para as súas actuacións á realización das xestións pertinentes ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias, correndo da súa conta os custos que se xeren, mesmo ás liquidacións tributarias a que puideran dar lugar a execución das súas obras. Calquera obra de reparación e conservación que o Concello de Moaña, incluídas as referidas ás que executa adicionalmente de mellora da accesibilidade do paseo marítimo que pretenda levar a cabo na zona, esixirá a conformidade previa de Portos de Galicia.
- [3] A entregar a Portos de Galicia-Xunta de Galicia, gratuitamente e libre de cargas e gravames, a propiedade de cantos elementos de todo tipo se incorporen ás instalacións obxecto deste convenio na parte en que son executadas en dominio público portuario, quedando estas, de pleno dereito e por efecto directo deste convenio, incorporadas ao tal dominio público portuario de Moaña, adscrito para a súa xestión a Portos de Galicia.
- [4] Ante una posible modificación das características e dimensións das instalacións portuarias, e se por parte de Portos de Galicia e do Concello de Moaña se considerase necesario modificar as características da actuación, as obras necesarias poderían ser executadas polo Concello, previa conformidade expresa do mesmo, seguindo en todo momento as directrices de Portos de Galicia. En todo caso, Portos de Galicia poderá realizar as ditas obras de modificación das características e dimensións das instalacións portuarias ao abeiro das súas competencias.
- [5] O Concello asume ao seu total cargo de acordo coas normas ambientais a disposición, xestión, recollida e entrega a xestor autorizado, así como o mantemento dos colectores de recollida de residuos sólidos urbanos que se ubican na zona de relación porto- cidade que se indican no plano anexo ao convenio.



[6] O concello asume o custe do subministro eléctrico do CUPS ES0022000008346256VA1P relativo ao CM Moaña (Paseo) quen solicitará a cesión de Portos de Galicia.

QUINTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Dentro do prazo de quince días, a contar dende a data de asinamento deste convenio, crearase unha Comisión Mixta de seguimento e control da execución do convenio, que resolverá as controversias que puideran xurdir.

Serán funcións desta comisión:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo aquelas actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do presente convenio.
- Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio.

A Comisión de seguimento estará integrada por unha Presidencia, que recaerá no presidente da EPE Portos de Galicia ou persoa na que delegue, e por catro vogais, dous nomeados polo Concello de Moaña, e dous nomeados pola EPE Portos de Galicia.

A este respecto, o nomeamento da EPE Portos de Galicia recae no Xefe de Zona Sur de Portos de Galicia e o celador gardapeiraos do porto.

SEXTA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN CONTRACTUAL

Este Convenio non supón asociación algunha ou dependencia entre o persoal dependente das partes asinantes, que actuarán de xeito absolutamente independente e autónomo, sendo obriga específica e exclusiva de cada unha delas, cumprir coas obrigas legais que como empregadores lles correspondan no desenvolvemento da súa actividade ao abeiro deste convenio; deste xeito, a subscripción do convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as partes asinantes e os profesionais e empresas que por conta destas desenvolvan as actividades obxecto do convenio, excluindo a posibilidade de esixir responsabilidades directas, indirectas ou subsidiarias polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

SÉTIMA. RESPONSABILIDADE FRONTE A TERCEIROS

1.- Fronte a terceiros: Habida conta dos riscos que se podan derivar na utilización das instalacións para o fin a que están destinadas, a EPE Portos de Galicia e o Concello de Moaña responderán solidariamente dos danos que se deriven a terceiros polo cumprimento defectuoso das obrigas que asumen por medio deste convenio.





2.- A responsabilidade regulada nesta cláusula establécese nos termos do artigo 33 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Ao abeiro do dito artigo 33.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, a competencia para instruír o expediente de reclamación patrimonial corresponderalle á EPE Portos de Galicia. En todo caso, o Concello de Moaña terá a consideración de interesado nos procedementos administrativos de reclamación de responsabilidade patrimonial que se tramiten ao abeiro do previsto nesta cláusula.

OITAVA. PUBLICIDADE

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia.

En virtude co disposto no parágrafo anterior, o Concello de Moaña e a EPE Portos de Galicia consenten expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro do convenio.

NOVENA. -CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

[1] 1.- As dúbidas que se presenten na súa interpretación, en caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola Presidencia da EPE Portos de Galicia, poñendo fin á vía administrativa.

[2] 2.- Serán causas de extinción do convenio:

- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

A este efecto o incumprimento poderá ser de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grado a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas nel.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase



resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa conlevará a indemnización dos prexuízos causados, que taxaranse contraditoriamente polas partes.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Cada unha das situacións descritas por sí soa é causa suficiente da resolución do convenio.

[3] No caso de extinción anticipada, por algunha das causas anteriores, e respecto ás actuacións en curso, a liquidación deste convenio axustarase ó que segue:

- Remataranse as actuacións orzamentadas e xa iniciadas que aínda estean sen rematar.
- De calquera xeito, e de selo caso, o concello de Moaña antes da firma da acta de extinción por calquera causa, repoñerá o dominio público portuario nas condicións de operatividade en que lle foi entregado, en canto ao seu estado, uso e protección.
- En todo caso con carácter previo á súa liquidación as partes poderán aprobar, a proposta da comisión de seguimento, a finalización de todas as actuacións fixando un prazo improrrogable para terminalas.

[4] Sen prexuízo do anterior, o convenio, de acordo co art. 51 da Lei 40/2015 extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

DÉCIMA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten carácter administrativo e regularase polo establecido neste, e supletoriamente polos principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, sen prexuízo da aplicación dos seus principios e criterios para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, consonte o establecido no artigo 4 da antedita lei, e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.

O desenvolvemento dos seus compromisos, obrigas e demais actuacións rexeranse polo establecido nas súas cláusulas.

UNDÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO.-

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura, estendendo a súa vixencia por un período de 4 anos, que poderá ser obxecto dunha prórroga por un prazo de catro anos máis.

As obrigas nacidas deste, serán esixibles desde a súa sinatura agás respecto daquelas obrigas para as que este convenio estableza un termo específico.





No caso de extinción anticipada por causa de incumprimento dalgunha das partes, estarase ao previsto na cláusula Novena.

DUODÉCIMA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO.

As modificacións formalizaranse mediante addenda a este convenio cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio.

Para cumprimentar o presente convenio en todas as súas partes subscribítese no lugar e data ao principio indicados.

A Presidenta de Portos de Galicia

A Alcadesa Presidenta do Concello de Moaña

Susana Lenguas Gil

Leticia Santos Paz

